



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DEZASETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (36/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás dezaioito horas e trinta minutos do día dezasete de outubro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día e hora.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 13 de outubro de 2025
- 2.- Aprobación da relación de facturas núm. 054XOK/2025
- 3.- Xustificación de subvencións nominativas
- 4.- Aprobación de certificacións de obras
- 5.- Solicitudes devolución garantías definitivas execución contratos de obras

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 13 de outubro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 054XOK/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención de conformidade e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 54XOK/2025 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	54XOK/2025
Importe total	60.039,03€
Número de facturas e gastos que contén	4
Número do Rexistro de Facturas da primeira factura	F/2025/2016
Número do Rexistro de Facturas da última factura	F/2025/2164

Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS

3.1.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade con observacións e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade con observacións que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
CLUB MOTOPARK LUGO	MAVP	Competición Supercross e Motocross IMG	1.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.2.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE VAL XESTOSO	SFP	Carpa actividade festiva do 22-03-2025	1.200,00 €



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.3.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE VILACHÁ	JMCD	Festas de Santa Lucía	1.600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.4.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE SAN BARTOLOMEU	TLP	FESTAS SAN BARTOLOMEU	1.600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4. APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor dá conta das certificacións de obra que se indican máis adiante, do informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS OBRAS (PLAN POS+ Adicional 2a/2024)

Logo de ver as certificacións presentadas pola empresa adxudicataria da obra contida no proxecto nomeado, MELLORA CAPA RODADURA CAMIÑOS PARROQUIAS DE QUEIXEIRO, VILACHÁ, TABOADA E SANTA XIÁ, o informe de fiscalización do gasto da Intervención e o resto da documentación contida no expediente núm. 2024/C003/000004, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación 1ª e única, presentada pola empresa adxudicataria, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., correspondente ao proxecto financiado polo Plan POS+ Adicional 2a/2024, nomeado, MELLORA CAPA RODADURA CAMIÑOS PARROQUIAS DE QUEIXEIRO, VILACHÁ, TABOADA E SANTA XIÁ, por importe de 320.919,83 euros, e a súa documentación anexa (relación valorada, reportaxe fotográfica, declaración, factura e acta de recepción) .
2. Aprobar a certificación final da citada obra, expedida por Antonio López Rodríguez, arquitecto director das obras, por importe de 0.00€, e a acta de medición final.
3. Aboarlla ao contratista, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., e remitilas á Deputación, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda probar a proposta, quedando adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela.

5. SOLICITUDE DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA EXECUCIÓN CONTRATO

5.1.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da solicitude da empresa interesada, do informe do arquitecto contratado para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto que se indica máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

- Xestión de Propostas –

2025/G006/000084

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Asunto: DEVOLUCIÓN GARANTÍAS

Logo de ver a documentación do expediente 2025/X002/00006, instruído para a devolución das garantías (complementaria e definitiva) solicitadas pola empresa, LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A., constituídas mediante aval de BANKINTER, S.A., por importe de 16.380,18€, para responder do contrato das obras “Pavimentación de camiños en Lagares. San Fiz”, POS+ AD 2b/2022, e o informe do arquitecto contratado para o efecto, que conclúe:

“Dado que non consta notificación por escrito á empresa encargada da execución dos traballos no período de garantía, non existe ningún impedimento desde o punto de vista técnico que aconselle a non devolución da garantía que garantía o cumprimento dos contratos de execución da obra indicada, posto que se cumpriu con suxeición ao proxecto técnico e/ou prescricións técnicas e administrativas que se sinalaron, ante o cal infórmase favorablemente a cancelación e devolución deste.”

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Cancelar as citadas garantías e ordenar a súa devolución
2. Notificar o presente acordo á empresa solicitante

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda probar a proposta, quedando adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela

5.2.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da solicitude da empresa interesada, do informe do arquitecto contratado para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto que se indica máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

- Xestión de Propostas –

2025/G006/000083

Asunto: DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver a documentación do expediente 2025/X002/00007, instruído para a devolución da garantía definitiva solicitada pola empresa, CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS S.L., constituída mediante Aval bancario por importe de 7.415,68 €, para responder da execución do contrato da obra “MEJORA CAMINOS PARROQUIAS DE SAN FIZ Y ALTO XESTOSO”, e o informe emitido, por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto contratado para o efecto, que conclúe:

“Dado que non consta notificación por escrito á empresa encargada da execución dos traballos no período de garantía, non existe ningún impedimento desde o punto de vista técnico que aconselle a non devolución da garantía que garantía o cumprimento dos contratos de execución da obra indicada, posto que se cumpriu con suxeición ao proxecto técnico e/ou prescricións técnicas e administrativas que se sinalaron, ante o cal infórmase favorablemente a cancelación e devolución deste.”

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Cancelar a citada garantía e ordenar a súa devolución
2. Notificar o presente acordo á empresa solicitante

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda probar a proposta, quedando adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezoito horas e corenta e dous minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario